

No seu 68º período de sesión, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o 2016 como "Ano Internacional dos Legumes" (AIL).

Designouse á Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) para que facilite a celebración do AIL 2016 en colaboración con gobernos, organizacións relevantes, organizacións non gobernamentais e outras partes interesadas.

“ O Ano Internacional dos Legumes concienciará á poboación sobre cultivos importantes que son esenciais para a agricultura sostible e a nutrición. ”

José Graziano da Silva, Director Xeral da FAO

Organización das Nacións Unidas  
para a Alimentación e a Agricultura  
Viale delle Terme di Caracalla - 00153, Roma Italia  
pulses-2016@fao.org




#IYP2016

[www.fao.org/pulses-2016](http://www.fao.org/pulses-2016)

BB029E/1/10.15



*Sementes nutritivas para un futuro sostible*



Food and Agriculture  
Organization of the  
United Nations



## QUE SON OS LEGUMES?

Os **LEGUMES** son un tipo de cultivo leguminoso que só se colleita para obter a semente seca. Os feixóns, as lentellas e os chícharos son os tipos de legumes máis coñecidos e consumidos.



## POR QUE SON IMPORTANTES?



**Os legumes contribúen á seguridade alimentaria a todos os niveis.**

*Prodúcense e consúmense en grandes cantidades nos países en desenvolvemento.*



**Os legumes teñen un gran valor nutricional.**

*Son unha fonte fundamental de proteínas vexetais, aminoácidos e outros nutrientes esenciais.*



**Os legumes son moi beneficiosos para a saúde.**

*Recoméndanse para prever as enfermidades crónicas e a obesidade.*



**Os legumes fomentan a agricultura sostible e contribúen á mitigación do cambio climático.**

*A súa capacidade para fixar o nitróxeno pode mellorar a fertilidade do solo e reducir a pegada de carbono.*


## OBXECTIVOS CLAVE



Promover o valor e a utilización dos legumes en todo o sistema alimentario



Concienciar sobre os beneficios dos legumes, incluíndo a agricultura sostible e a nutrición



Fomentar os vínculos para incrementar a produción mundial de legumes



Promover a mellora da investigación



Avogar por unha mellor utilización dos legumes na rotación de cultivos



Abordar os desafíos do comercio de legumes

ANO INTERNACIONAL DOS LEGUMES 2016

